

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
CONVOCATORIA PREMIOS INNOVACIÓN EDUCATIVA 2010 PARA PROFESORADO DE  
CENTROS EDUCATIVOS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO  
(Orde do 13 de setembro de 2010-DOG 21-09-10)

*Título:* **“PROPOSTA DIDÁCTICA NA ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS PARA ALUMNADO  
CON NEE ASOCIADAS A DISCAPACIDADE AUDITIVA”**

*Autor:* **DANIEL EMILIO GARCÍA SÁNCHEZ**

*Centro:* CEE “Nosa Señora do Rosario”-Xordos (A Coruña)

*Sinopse:* Desenvolvemento de estratexias metodolóxicas, recursos e actividades na Área de Ciencias Sociais na ESO, co obxecto de dar resposta ás NEE do alumnado derivadas da súa discapacidade sensorial auditiva e/ou con outros déficits asociados.

Categoría:2. Profesorado que imparta docencia no curso 2009-2010 nas etapas de educación secundaria obrigatoria e/ou bacharelato.

Modalidade:C. Atención á diversidade:materiais e/ou ferramentas de reforzo educativo que favorezan a accesibilidade ao currículo do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

## ÍNDICE

<b><u>1.-XUSTIFICACIÓN:</u></b> .....	páx. 2
<u>1.1.-Tipoloxía de alumnado escolarizado no CEE.</u>	
<u>1.2.-Dificultades do proceso ensino/aprendizaxe.</u>	
<u>1.3.-Marco legislativo.</u>	
<b><u>2.-OBXECTIVOS:</u></b> .....	páx. 4
<u>2.1.-Obxectivos xerais.</u>	
<u>2.2.-Obxectivos específicos.</u>	
<b><u>3.-CONTIDOS.:</u></b> .....	páx. 4
<b><u>4.-ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS E RECURSOS MATERIAIS:</u></b> .....	páx. 6
<u>4.1.-Estrategias metodolóxicas.</u>	
<u>4.2.-Recursos materiais.</u>	
<b><u>5.-ACTIVIDADES:</u></b> .....	páx. 10
<u>5.1.-De reforzo.</u>	
<u>5.2.-De adquisición das competencias básicas.</u>	
<u>5.3.-Para promover a cohesión do grupo.</u>	
<u>5.4.-Interactivas.</u>	
<u>5.5.-De autoavaliación.</u>	
<b><u>6.-AVALIACIÓN.:</u></b> .....	páx. 13
<u>6.1.-Valoración de contidos e competencias básicas.</u>	
<u>6.2.-Valoración de contidos actitudinais:</u>	
<b><u>7.-TEMPORALIZACIÓN.:</u></b> .....	páx. 14
<b><u>8.-ESTRUTURA E APLICACIÓN:</u></b> .....	páx. 14
<b><u>9.-CRITERIOS DE ACCESIBILIDADE:</u></b> .....	páx. 15
<b><u>10.-VALORACIÓN E TRANSFERIBILIDADE:</u></b> .....	páx. 16

## 1.-XUSTIFICACIÓN:

O presente traballo ten a súa orixe na miña experiencia profesional desenvolvida desde 1980 na atención á diversidade no ensino público en distintos centros,niveis e etapas educativas onde prestei atención a alumnado con NEE temporais e permanentes,minorías étnicas,problemáticas conductuais,alumnado inmigrante..que precisaron a elaboración de respostas educativas adaptadas ás súas características e nas que resultou fundamental o emprego de elementos motivacionais axeitados en cada caso.

Na actualidade imparto a miña labor docente como PES de Xeografía e Historia no CEE “Nosa Señora do Rosario”-Centro Específico de Educación Especial ubicado no barrio de Monelos en A Coruña,que escolariza a alumnos/as con discapacidade auditiva desde Infantil ata o remate da ESO– impartindo a Área de Ciencias Sociais nos catro cursos de ESO e onde estou a aplicar esta proposta didáctica que, enmarcada no ámbito da atención á diversidade,intenta procurar ao alumnado xordo do CEE un contexto integrador de aprendizaxe que favoreza a súa socialización e a adquisición dos coñecementos e competencias básicas da Área.

1.1.-Tipoloxía de alumnado escolarizado no CEE: No CEE“Nosa Señora do Rosario”está escolarizado alumnado xordo ou hipoacúsico moi diverso en canto a historial;etioloxía da súa discapacidade;presenza doutros déficits;grao,estabilidade,tipo de perda e frecuencias de sons afectadas(deficiencia condutiva ou neurosensorial);idade de aparición e detección da discapacidade(prelocutiva ou postlocutiva); tratamento aplicado;contexto familiar;nivel de desenvolvemento lingüístico e modalidade de linguaxe empregada:Lingua de Signos Española (LSE), comunicación bimodal(emprego da gramática da lingua oral apoiada con linguaxe de signos),linguaxe codificado manual (dactilolóxico)...

Nos derradeiros anos variou notablemente a tipoloxía do alumnado xordo en canto a dous trazos fundamentais:o tipo de prótese auditiva que utilizan e as súas características psicofísicas.

-Respecto ás *próteses auditivas* pasouse de atender a alumnado con audífonos que amplifican os sons,a empezar a recibir alumnado portador de implante coclear,consistente nun aparato electrónico que transforma os sinais acústicos en sinais

eléctricos que estimulan o nervo auditivo e permiten mellorar en moitos casos a comprensión da mensaxe oral e facilitar aos xordos con perdas profundas o poder falar.

-Nas *características psicofísicas* detéctase unha porcentaxe significativa de alumnado que presenta deficiencia auditiva e outras discapacidades asociadas - fundamentalmente de carácter físico e psíquico- que en moitos casos determinan a súa evolución en maior medida que o déficit de audición.

En resumo, o alumnado ao que se dirixe esta proposta didáctica está escolarizado nun CEE na etapa da ESO; presenta necesidades educativas específicas de apoio educativo derivadas da súa discapacidade sensorial auditiva e/ou con outros déficits asociados; precisa de axudas técnicas (audífonos/implante coclear) e ten a posibilidade de comprender e comunicarse por medio da linguaxe oral (maioritariamente en castelá), bimodal e apoiándose mediante a Lingua de Signos Española (LSE).

1.2.-Dificultades do proceso ensino/aprendizaxe: a principal dificultade ven derivada da carencia de estruturación da linguaxe, é dicir: limitacións na expresión oral e escrita con frecuentes erros na sintaxe; ausencia de concordancias; orde incorrecta das palabras; confusións de tempos verbais, o que unido á fatiga polo esforzo atencional visual que supón para eles o acceso á información, provoca unha lentitude na realización das tarefas e condiciona a comprensión e asimilación dos contidos das materias da Área de C. Sociais.

1.3.-Marco lexislativo: esta proposta está baseada nos seguintes referentes legais:

\*Normativa xeral: *LOE* (Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación).

\*Desenvolvemento lexislativo relativo á etapa da ESO:

-*Decreto 133/07, do 5 de xullo*, que regula as ensinanzas da ESO en Galicia.

-*Orde do 6 de setembro de 2007* pola que se desenvolve a implantación da ESO en Galicia.

-*Orde do 21 de decembro de 2007* pola que se regula a avaliación na ESO en Galicia.

\*Escolarización do alumnado con NEE en CEE e medidas de atención á diversidade:

-*Decreto 30/07 do 15 de marzo* e *Orde do 17-3-07* polo que se regula o procedemento de admisión do alumnado (Título IV-Artigo 26º e Capítulo IV-Artigo 40º, respectivamente).

-*Decreto 320/96 de 26 de xullo* e *Orde do 27-12-02*, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización do alumnado con NEE.

-*Orde do 6 de outubro de 1995* pola que se regulan as adaptacións do currículo.

- Orde de 30 de xullo de 2007 que regula os PDC na ESO.
- Orde de 13 de maio de 2008 pola que se regulan os PCPI
- Circular 8/09 de medidas atención á diversidade na ESO.

## **2.-OBXECTIVOS:**

Ante os obxectivos establecidos para a ESO na Área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia no Decreto 133/07, do 5 de xullo e segundo as NEE que presenta o alumnado do CEE, serán os seguintes:

### 2.1.-Obxectivos xerais:

- Desenvolver o currículo da Área a través de unidades didácticas adaptadas.
- Facilitar o achegamento da materia empregando os recursos TIC como ferramenta auxiliar fundamental no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Motivar e favorecer a curiosidade pola aprendizaxe da xeografía e a historia.
- Reforzar a través desta Área os aspectos básicos da estrutura da linguaxe.

### 2.2.-Obxectivos específicos:

- Contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas vinculadas as Ciencias Sociais.
  - Acadar un vocabulario básico xeográfico e histórico.
- Coñecer a diversidade do mundo, os trazos básicos físicos e humanos e distinguir as grandes áreas socioeconómicas, culturais e políticas.
- Identificar as principais características xeográficas do mundo, España e Galicia.
- Adquirir coñecementos básicos históricos e culturais do mundo, España e Galicia.
- Desenvolver a capacidade de localizar os feitos sociais no espazo e no tempo.
- Utilizar técnicas para interpretar mapas, datos e documentos xeográficos e históricos.
- Valorar, comprender e respectar o papel das diferentes civilizacións e culturas.
- Fomentar a práctica diaria da lectura e a comprensión lectora como factor primordial para o seguimento da materia e polo seu carácter de aprendizaxe instrumental.
- Consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo.

## **3.-CONTIDOS:**

Os contidos contemplados nesta proposta didáctica recóllense da normativa vixente en relación ao currículo da ESO e aparecen así mesmo concretados na Programación Didáctica do Departamento de Xeografía e Historia. A través deles preténdese ofrecer unha visión global

básica da xeografía e da evolución histórica e contribuír á consecución das competencias básicas.

Os contidos reflectidos nas unidades didácticas desta proposta educativa son breves e claros e están apoiados con recursos visuais das TIC para facilitar a comprensión dos mesmos. O estilo de *transmisión dos contidos é de xeito dialogal baseado en preguntas e respostas*, pois permite abreviar o texto reducíndoo ao esencial e favorece a asimilación da información.

A modo de exemplificación, as unidades de 2º ESO elixidas xunto cos seus respectivos contidos son:

#### \*2º ESO: “A POBOACIÓN: CONCEPTOS TIPOS E ESTRUCTURA”

##### 1.- CONCEPTOS DEMOGRÁFICOS : Que é...?

- 1.1.- Que é a poboación?
- 1.2.- Que é a densidade de poboación?
- 1.3.- Que é a natalidade?
- 1.4.- Que é a mortalidade?
- 1.5.- Que é o crecemento natural?
- 1.6.- Que son os movementos migratorios?
- 1.7.- Que é o saldo migratorio?
- 1.8.- Que é a esperanza de vida?

##### 2.- TIPOS DE POBOACIÓN:

- 2.1.- Que é a poboación rural?
- 2.2.- Que é a poboación urbana?
- 2.3.- Que é a poboación dispersa?
- 2.4.- Que é a poboación concentrada?

##### 3.- ESTRUCTURA DA POBOACIÓN:

- 3.1.- Que é a poboación xove?
- 3.2.- Que é a poboación adulta?
- 3.3.- Que son as pirámides de idades?
- 3.4.- Que é a poboación activa?

#### \*2º ESO: “A ÉPOCA DO ABSOLUTISMO (S. XVII)”

## 1.-CONCEPTOS:

1.1.- Que é o absolutismo?

1.2.- Que é o mercantilismo?

## 2.-A SOCIEDADE ESTAMENTAL.

2.1.- A Nobreza.

2.2.- O Clero.

2.3.- O Terceiro Estado.

## 3.-ESPAÑA E GALICIA NO s. XVII

3.1.- Que reis reinaron en España no s. XVII?

3.2.- Como reinaron os reis españois durante o s. XVII?

3.3.- Que sucede en España ao final do s. XVII?

3.4.- Galicia no s. XVII

## 4.-A GUERRA DE SUCESIÓN ESPAÑOLA.

4.1.- Por que se inicia a Guerra de Sucesión española?

4.2.- Que foi o Tratado de Utrecht?

4.3.- Que dinastía se inicia en España con Felipe V?

4.4.- Que significa para España o Tratado de Utrecht?

( \*Ver exemplificacións destas unidades didácticas no arquivo adxunto)

## **4.-ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS E RECURSOS MATERIAIS:**

4.1.-Estratexias metodolóxicas:para adecuar a ensinanza da Área de Ciencias Sociais ás características e posibilidades de aprendizaxe do alumnado do CEE foi preciso a utilización dun código de comunicación axeitado e a adopción das seguintes estratexias metodolóxicas:

a)*Estratexias para facilitar a comunicación e comprensión:*

-Utilización de xeito preferente,nas explicacións e nos intercambios comunicativos,do *sistema bimodal* ou uso simultáneo da linguaxe oral acompañado de signos e do alfabeto dactilolóxico para clarificar determinadas mensaxes,valorando que en tódalas clases hai actualmente predominio de alumnado con restos auditivos e posibilidades de comunicación e comprensión na linguaxe oral.

-Para favorecer a comprensión por lectura labial :

- .)situarse a unha distancia óptima con respecto a eles permitindo que todos os alumnos/as poidan verse entre si e poidan verme sen dificultades;
- .)avisalos a través dun sinal visual ou co movemento da man cando queremos dirixirnos a eles;
- .)falar de fronte e sen tapar a boca;
- .)vocalizar ben, sen esaxerar e sen berrar e a unha velocidade moderada;
- .)procurar non falar cando se escribe no encerado nin pasear mentres se explica;
- .)proporcionar máis tempo ao alumnado nos ditados pois ademais de escribir ten que mirar á cara de quen lle dita;
- .)introducir claves visuais que axuden á comprensión dos contidos e apoiarse no encerado para que sexan coñecedores da información: actividades a realizar, contidos de estudo, datas de exame,...
- .)alternar períodos onde se empreguen recursos orais -que esixen para eles un esforzo adicional de atención visual- con outros nos que a esixencia atencional sexa menor.

-Para priorizar os aspectos funcionais da linguaxe:

- .)facer énfase na lectura comprensiva dos contidos e actividades propostas;
- .)adaptar os materiais escritos nos seus aspectos morfosintácticos e léxicos: dividir as frases e preguntas demasiado longas, empregar palabras sinónimas, situar a información máis importante en primeiro lugar, esquemas e gráficos aclaratorios;
- .)corrixir todas as actividades escritas para que se decaten dos erros cometidos e interioricen e trasladen ao seu caderno as respostas correctas incidindo sobre todo no reforzamento da estruturación lingüística.

*b) Estratexias para favorecer un bo clima de traballo:* emprego de procedementos que faciliten unha *metodoloxía activa e participativa*, respectando os diferentes ritmos e niveis de aprendizaxe e potenciando así mesmo a colaboración e a esixencia do traballo persoal:

-Axuda mutua entre iguais (*titoría de iguais*): os alumnos/as con maiores posibilidades de comunicación na lingua oral colaboran co profesor na explicación signada de informacións relevantes a aqueles compañeiros/as que presentan un déficit auditivo maior e así mesmo refórzase a interacción do alumnado no grupo en tarefas colaborativas.

-Proporcionar seguridade no ambiente educativo e un clima afectivo relaxado de respecto e tolerancia, creando hábitos de traballo e pautas consistentes.



-Respectar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno, estruturando a secuencia de obxectivos, contidos e o nivel de esixencia, para evitar a continuidade de fracasos que poden influír negativamente na súa motivación e autoestima.

-Valorar a implicación do alumnado no estudo e traballo desta Área reforzando e animando a súa perseverancia e esforzo persoal de superación.

-Favorecer a súa autonomía retirando progresivamente as axudas ofrecidas e adestrándoos na busca de información e solucións persoais aos problemas atopados.

*c) Estratexias para facilitar o rendemento do alumnado:*

-Reforzar e repasar frecuentemente os contidos traballados para lograr o seu afianzamento;

-Estruturar os contidos e as tarefas en secuencias breves de aprendizaxe;

-Procurar que a información ofrecida ao alumnado lles chegue por diversos canles sensoriais, combinando aspectos visuais e auditivos;

-Propoñer unha selección de actividades e estudo diario para que vaian reforzando habilidades de traballo persoal e realizar un seguimento continuado da realización das tarefas;

-Proporcionar unha atención individualizada;

-Practicar o emprego guiado de técnicas de traballo intelectual básicas para que poidan utilizalas no seu proceso de aprendizaxe e estudo persoal: realización de resúmenes, esquemas, subliñado,...

-Preguntar diariamente ao alumnado a información máis importante para constatar o seu grao de comprensión;

-Realizar actividades complementarias fóra do Centro para que poidan “visualizar” e comprender mellor determinados contidos da área: itinerarios xeográficos e históricos, visitas a museos...

4.2.- Recursos materiais:

*a) Incorporación dos recursos TIC na aula:* as TIC teñen grandes potencialidades educativas no ámbito da atención á diversidade. A súa utilización debe ser prioritaria polo apoio visual que proporcionan ao alumnado con discapacidade auditiva, que se ve favorecido no proceso de aprendizaxe grazas a posibilidade de poder acompañar os contidos verbais coa presentación simultánea e visual da información sobre pantallas, nas que incluso se pode marcar e interaccionar no contexto dixital.

A aplicación das TIC na aula presentan as seguintes vantaxes:

-Facilita o acceso e seguimento dos contidos e explicacións do profesor.

- Favorece a atención e motivación do alumnado e estimula o seu interese cara á aprendizaxe, grazas á posibilidade de plantexar clases atractivas e con recursos dinámicos e variados.
- Mellora o ambiente de traballo no grupo.
- Respecta os distintos niveis de aprendizaxe e a necesidade de resposta individualizada que require cada un deles.
- Favorece a comprensión, especialmente no caso de conceptos complexos que verbalmente resultan de moi difícil explicación ao alumnado xordo.
- Desenvolve a interactividade profesor-alumno e permite a lectura labial.
- Amplía a posibilidade de plantexar actividades interactivas de reforzo dos contidos e competencias básicas.
- Contribúe á innovación da práctica educativa.
- Acelera e optimiza a aprendizaxe significativa.

Os usos habituais das TIC nesta proposta poden resumirse nas seguintes tarefas:

- Utilización do ordenador portátil, canón e/ou encerado dixital para apoiar explicacións e proxectar contidos.
- Elaboración e proxección de presentacións multimedia sobre contidos elaborados da materia (Power Point, Open Office Impress, Flash, Windows Movie Maker)
- Emprego de procesadores de textos (Word, Open-Office)
- Traslado a formato dixital de contidos e imaxes a través do scanner.
- Creación de documentos en formato PDF.
- Impresión en soporte papel dos contidos elaborados das unidades didácticas.
- Utilización do programa Smart do encerado dixital para introducir anotacións, elaborar e corrixir actividades...
- Elaboración de actividades sinxelas interactivas cos programas informáticos: Ardora, Clic ...
- Uso de Internet: descarga de software educativo; contidos curriculares, consultas, recursos; procura de imaxes e información en buscadores (Google, Yahoo... realización de percorridos virtuais (Google Earth-Google maps, museos,)...
- Incorporación de elementos multimedia (películas e animacións) con subtítulos.

-Emprego complementario do retroproector de corpos opacos para a proxección de imaxes fixas.

-Uso da cámara de fotos e de vídeo dixital para a gravación de actividades complementarias e saídas didácticas.

-Utilización do ordenador portátil e de sobremesa en tarefas administrativas para: creación de bases de datos en Access coas cualificacións do alumnado; emprego do correo electrónico como canle de comunicación con institucións e organismos; elaboración de listados en Excel do fondo de material do Departamento...

*b) Outros recursos:* a utilización das TIC non implica a supresión do uso na aula de recursos tradicionais como libros de texto, atlas, mapas, dicionarios, enciclopedias, .. así como: cadernos, tesoiras, pegamento, bolígrafos, rotuladores, cores, lápices..

Especial importancia ten nesta proposta o caderno de traballo do alumno/a, pois nel se realizan numerosas actividades e se traslada a información e as imaxes que se van proxectando en cada unidade didáctica, dispoñendo así da *versión impresa dos contidos* que posteriormente deberán ser obxecto de estudo.

En definitiva, tanto as estratexias metodolóxicas como os recursos materiais manexados nesta experiencia didáctica cumpren unha única función: facilitar o acceso e comprensión dos contidos e motivar ao alumnado no proceso de aprendizaxe cara a esta Área.

## **5.-ACTIVIDADES:**

Ao longo de cada unidade propóñense a realización de numerosas e variadas actividades que poden clasificarse en catro grandes grupos, aínda que sexa só a efectos expositivos, pois cunha mesma tarefa poden abordarse aspectos moi diversos:

5.1.-De reforzo e aplicación: son actividades graduadas en canto á súa dificultade para reforzar e consolidar a aprendizaxe dos contidos desenvolvidos con anterioridade e exercitar técnicas de traballo fundamentais na Área das C. Sociais.

a) Nivel inicial: exercicios que consisten na identificación de datos ou conceptos sinxelos (selección de resposta axeitada, sinalar e identificar elementos en mapas, relacionar concepto con definición...); inclúense así mesmo actividades “lúdicas” como sopas de letras, encrucillados,...

b) Nivel medio: esixe a elaboración de respostas e polo tanto require habilidades expresivas axeitadas en cada caso. As preguntas son xeralmente de resposta curta, e adoptan diferentes formatos: completar frases, esquemas, comprensión lectora, resumes,...

#### 5.2.- De adquisición das competencias básicas:

##### 1.- Actividades relacionadas coa *competencia en comunicación lingüística*:

- .) exercicios de lectura comprensiva e reforzo da estruturación lingüística.
- .) adquisición dun vocabulario básico das C. Sociais
- .) desenvolvemento de habilidades de comunicación: resposta a preguntas, intercambio de opinións,....
- .) comentario guiado de textos e noticias relacionadas coas C. Sociais.

##### 2.- Actividades relacionadas coa *competencia matemática*:

- .) lectura, elaboración e interpretación de distintos tipos de mapas, planos, gráficas, diagramas, climogramas,...
- .) operacións sinxelas con escalas e porcentaxes;
- .) traballo con nocións relacionadas coa medida do tempo histórico: liñas do tempo, eixos cronolóxicos,...

##### 3.- Actividades relacionadas co *coñecemento e interacción co mundo físico*:

- .) recoñecer os rasgos económicos e culturais básicos.
- .) estudo do espazo físico en que se desenvolve a actividade humana: climas, paisaxes, hixrografía, relevo,...
- .) adopción de medidas de protección e coidado ambiental.
- .) localización de acontecementos históricos e feitos sociais que se desenvolveron nel.

##### 4.- Actividades relacionadas co *tratamento da información e competencia dixital*:

- .) busca e tratamento de información tanto en soporte papel como a partir das TIC;
- .) exercicios prácticos co ordenador e a pizarra dixital;
- .) elaboración de carpetas individuais para almacenar no ordenador documentos diversos con procesadores de textos, follas de cálculo, bases de datos;
- .) manexo básico de Internet e programas informáticos aplicados as Ciencias Sociais.

##### 5.- Actividades relacionadas coa *competencia social e cidadá*:

- .) participación en debates, diálogos e postas en común sobre distintos temas da Área...
- .) coñecemento de diferentes realidades sociais;
- .) realización de actividades cooperativas, respectando as opinións e crenzas dos demais...;

.)reflexións sobre os problemas económicos e sociais actuais que se están a producir.

6.- Actividades relacionadas coa *competencia cultural e artística*:

.)percepción da creación artística no entorno do alumno: visitas a monumentos, exposicións, museos,...

.)recoñecer principais obras de arte,estilos e artistas.

.)valoración e conservación do patrimonio cultural e artístico.

7.- Actividades relacionadas coa *competencia para aprender a aprender*:

.)explicación razoada ás preguntas plantexadas;

.)aplicación de estratexias para pensar,organizar, memorizar e recuperar a información.

.)fomento da hábitos de estudo,atención e curiosidade póla aprendizaxe das C. Sociais.

.)desenvolvemento da capacidade de autoavaliación

.)realización de traballos individuais ou colectivos para profundizar contidos da Área.

8.- Actividades relacionadas coa *autonomía e iniciativa*

*persoal*:

.)aplicación de toma de decisións

.)elección de alternativas;

.)planificación do estudo;

.)práctica na busca de solucións a problemas atopados.

5.3.-Para promover a cohesión do grupo: realización de tarefas comúns e actividades grupais que requiren a participación e cooperación entre os distintos alumnos:decoración da aula en datas sinaladas;realización de maquetas de edificios: templos, castelos, catedrais,...;elaboración de gráficas;murais de obras de arte; glosarios xeográfico e histórico,liñas do tempo e eixes cronolóxicos; biografías de personaxes;árbores xenealóxicos;comentarios de textos guiados;traballos de indagación e busca de datos a través das páxinas web de Internet,..

5.4.-Interactivas: elaboradas co programa informático “Ardora” consistentes en:puzzles; sopa de letras; encrucillados; xogos de memoria visual; relacionar imaxes-palabras; ordenar frases; completar frases; preguntas tipo test...

Para visualizar as actividades interactivas é necesario:

-ter conexión a Internet.

-instalar no ordenador a máquina virtual de Java (que pode descargarse en <http://www.java.com/es/> )

-facer clic na imaxe do logotipo Internet en cada carpeta de actividades.

-cando se visualiza a actividade con Internet Explorer aparece unha barra horizontal amarela sobre a que se debe pulsar co botón dereito do rato e elixir a opción “Permitir contido bloqueado” e premer no botón “Si” do cadro de “Advertencia de seguridade”.

(\* Ver actividades grupais e interactivas no CD adxunto)

5.5.-De autoavaliación: se efectúan sempre ao final de cada unidade para repasar e comprobar os coñecementos básicos adquiridos.

## **6.-AVALIACIÓN:**

A avaliación é continua, individualizada e periódica.

6.1.-Valoración de contidos e competencias básicas: as probas para a valoración da consecución dos obxectivos referidos a contidos conceptuais, procedimentais así como ao nivel de desenvolvemento de competencias básicas asociadas a cada tema, están constituídos por diversos tipos de exercicios: definición de conceptos históricos, xeográficos, artísticos; resolución de cuestións breves de tipo teórico; localización xeográfica e cronolóxica; realización e interpretación de mapas, gráficas; comentario de textos guiados con preguntas; tarefas de elección múltiple, verdadeiro ou falso, elección única, emparellar,...

6.2.-Valoración de contidos actitudinais: para avaliar os contidos actitudinais tense en conta a actitude positiva do alumnado de cara á asignatura mediante os seguintes aspectos: interese pola materia, traballo diario na clase e esforzo por superar as dificultades; boa conduta; presentación en tempo e forma dos traballos e exercicios no seu caderno; realización e participación en actividades ou traballos individuais e colectivos.

O alumnado con materia pendente dispón de Plans de Traballo individuais e os que non superen satisfactoriamente a avaliación ordinaria serán avaliados nas probas extraordinarias de setembro.

## 7.-TEMPORALIZACIÓN:

A Área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia dispón na ESO de tres horas semanais en cada un dos cursos desta etapa polo que cada unidade desenvólvese, xeralmente, ao longo de seis / sete sesións.

Hai que sinalar que a organización horaria existente no Centro -pola súa singularidade como Centro de Educación Especial- permite agrupar dúas das sesións nun mesmo día e en horario continuado, sen interrupcións, o que facilita notablemente a explicación detida dos contidos, a realización e corrección de actividades así como unha atención individualizada a cada alumno/a.

## 8.-ESTRUTURA E APLICACIÓN DA PROPOSTA:

As unidades didácticas teñen unha estrutura sinxela e son de fácil aplicación na aula mediante un ordenador portátil e un canón dixital, empregando o programa Power Point ou outro similar. O desenvolvemento da unidade presenta tres fases:

1ª fase.-Presentación: serve para motivar e detectar os coñecementos previos que ten o alumnado do tema. Comprende o título, esquema dos apartados e subapartados da unidade e vocabulario mediante a pregunta “*Que quere dicir?*” onde aparecen palabras con sinónimos e explicación do seu significado.

2ª fase.-Contidos e actividades: consiste na transmisión secuenciada mediante epígrafes breves dos contidos nun estilo dialogal, de *preguntas-respostas*, introducidas cos termos: “*Que, Por que, Cando ou Como?*” e *intercaladas con imaxes*, que facilitan a comprensión do texto e complementan as explicacións, que son realizadas nun sistema *bimodal* de comunicación co apoio da pizarra tradicional e/ou dixital.

Ao longo da proxección recórrese con frecuencia ao vocabulario de sinónimos iniciais a través dos *hipervínculos* establecidos e enlázase co esquema-guión inicial para favorecer o afianzamento da estrutura secuencial da unidade.

Cada epígrafe é copiado polo alumnado no seu caderno de traballo, recortando e pegando tamén nel as imaxes proxectadas que se lle facilitan. Despois, o alumno/a fai unha lectura do texto -cando é posible oralmente-, co obxecto de detectar erros, aclarar dúbidas e favorecer o seu proceso de desmutización e articulación.

Por último, fanse as actividades no caderno, no ordenador ou no encerado para despois ser corrixiadas entre todos. En calquera caso é moi importante que sempre escriba as respostas e comprobe os erros co obxecto de consolidar a estruturación lingüística.

3ª fase.-Autoavaliación: cada unidade finaliza cunha batería de preguntas sobre aspectos básicos da mesma que o alumno/a debe resolver para implicarse no seu propio proceso avaliador ao comprobar, mediante o número de acertos obtidos nas respostas, os coñecementos adquiridos.

## **9.-CRITERIOS DE ACCESIBILIDADE:**

Na elaboración das unidades didácticas consideráronse de xeito moi especial unha serie de *características que axudaran a facilitar a súa accesibilidade*, comprensión e asimilación por parte do alumnado con discapacidade auditiva, así como centrar a súa atención visual e interese nesta Área, por este motivo:

-Os textos son curtos, con estruturas sintácticas básicas e acompañados de imaxes con textos explicativos.

-Cada bloque de contidos está precedido dunha páxina independente co esquema dos epígrafes que se van a abordar e un símbolo identificativo.

-Ao comezo e remate de cada bloque un *botón de acción*, representado cunha casa, permite enlazar coa páxina inicial de presentación esquemática da unidade.

-Os termos relevantes están acompañados de hipervínculos para coñecer o seu significado.

-Os contidos proxéctanse de xeito gradual, utilizando distintos efectos de animación e transición visual: cortinas verticais, zoom, barrido de imaxes...

-Os tamaños de letra son o suficientemente grandes para permitir a visión desde unha posición media e diferenciados segundo sexan para títulos, epígrafes ou contidos.

-Emprégase a cor para distinguir a información.

-Explícanse as abreviaturas e acrónimos.

-Ao remate do curso facilitáanse ao alumnado as unidades traballadas para o seu almacenamento en Pen Drive ou en CD, co obxecto de que repasen os contidos básicos e realicen actividades de reforzo no verán.



## **10.-VALORACIÓN E TRANSFERIBILIDADE:**

A valoración global desta experiencia didáctica está a ser moi satisfactoria, observándose unha evolución positiva do alumnado na comprensión dos contidos adaptados e un aumento do seu grao de participación e interese de cara ao estudo desta Área.

Polo que respecta á transferibilidade da experiencia,aínda que esta se leva a cabo nun CEE con recursos e material específico, podería ser aplicada perfectamente -coas necesarias modificacións e adaptacións- nos centros ordinarios onde se escolariza alumnado normoínte con NEE para favorecer a resposta educativa á diversidade dado que a Área de C.Sociais,ademais de contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas e a adquisición de coñecementos xeográficos e históricos,garda estreita relación con outras áreas e posúe unha grande capacidade formativa desde o punto de vista das actitudes e da socialización do alumnado.

A Coruña, 5 de Outubro de 2010

Asdo. Daniel Emilio García Sánchez